

# Actas do **S**impósio Ricardo **Carvalho** Calero Memoria do **S**éculo

Edición de  
Teresa López e Francisco Salinas



Editan:

© **Departamento de Galego-Portugués,  
Francés e Lingüística  
da Universidade da Coruña**  
Campus de Elviña, s/n. A Coruña

© **Asociación Sócio-Pedagóxica Galega**  
r/ Laracha, 9, entrechán  
15010 A Coruña  
Teléfono e fax: 981 27 82 59

Deseño gráfico do Simposio: Torné Asociados

Deseño da edición e maquetación: Antonio Souto

Impresión: Imprenta Provincial

Dep. Legal: C-617-02

I.S.B.N.: 84-89679-66-5

I.S.B.N.: 978-84-9749-767-1 (electrónico)

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671>

Actas do **S**impósio  
Ricardo **C**arvalho Calero  
Memoria do **S**éculo

Edición de Teresa López e Francisco Salinas

Organizan:



Colaboran:



# Organización

---

Departamento de Galego-Portugués,  
Francés e Lingüística da Universidade da Coruña  
Asociación Sócio-Pedagóxica Galega

## Presidencia de Honra

---

M<sup>a</sup> Ignacia Ramos.

## Comité Científico

---

Prof<sup>a</sup> Doutora M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero Ramos (Universidade de Vigo).  
Isaac Díaz Pardo.  
Francisco Fernández del Riego.  
Prof. Doutor Justo González Beramendi (Universidade de Santiago de Compostela).  
Prof. Doutor Basilio Losada Castro (Universitat de Barcelona).  
Prof<sup>a</sup> Doutora María Camino Noia Campos (Universidade de Vigo).  
Prof. Doutor José Luis Rodríguez Fernández (Universidade de Santiago de Compostela).  
Prof. Doutor Jurjo Torres Santomé (Universidade da Coruña).

## Comité Organizador

---

**Coordenación:** Teresa López (Universidade da Coruña), Francisco Salinas Portugal (Universidade da Coruña).

**Presidente:** Carlos Paulo Martínez Pereiro (Universidade da Coruña).

**Vicepresidente:** Alberte Ansede (Asociación Sócio-Pedagóxica Galega).

**Vogais:** Pola Universidade da Coruña: Manuel Ferreiro, Xosé Ramón Freixeiro, Elisardo López Varela, Luciano Rodríguez, Goretti Sanmartín e Laura Tato.

Pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega: Xoán Costa, Teresa Fiaño, Anxo Gómez Sánchez e M<sup>a</sup> Xosé Bravo.

**Secretario:** Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

**Secretaría do Simposio:** María Calvo, Xoán Carlos Lagares.

# Índice

<b>Presentación</b>	7
<b>Prólogo</b>	
José Luis Meilán Gil .....	9
<b>Conferencia Inaugural</b>	
Ricardo Carvalho Calero, Gallaecia Magna. José Luís Rodríguez .....	11
<b>A investigación lingüística e literaria</b>	29
<b>Como sair do cerco. A legitimación galeguista da Literatura Galega por Carvalho Calero e a génese da súa centralidade no campo da crítica literaria.</b> Elias J. Torres Feijó ....	31
<b>A obra lingüística de Carvalho Calero.</b> Ramón Mariño Paz .....	67
<b>A narrativa</b>	107
<b>A narrativa de Carvalho Calero na encrucillada dos anos cincuenta.</b> Manuel Forcadela .....	109
<b>A descrición na obra narrativa de Carvalho Calero. Análise retórica e hermenéutica.</b> Arturo Casas .....	119
<b>Do carácter híbrido na narrativa breve de Carvalho Calero. (Da ambigua verdade intempestiva de <i>Aos amores seródios</i>).</b> Carlos Paulo Martínez Pereiro.....	137
<b>A poesía</b>	161
<b>O discurso metapoético de Ricardo Carvalho Calero.</b> Xosé María Álvarez Cáccamo .....	163
<b>As pegadas de Manoel Antonio na poesía de Ricardo Carvalho Calero.</b> Kathleen March ....	171
<b>Carvalho Calero. Mitos para un exilio.</b> Pilar Pallarés .....	183
<b>O teatro</b>	203
<b>Carvalho Calero: o Teatro e a Vida.</b> João Guisan Seixas .....	205
<b>Carvalho Calero no diagrama da comunicación dramática. Carballo, poeta dramático e ironista.</b> Araceli Herrero Figueroa .....	227
<b>A intervención política e cultural</b>	249
<b>O compromiso cultural de Carvalho Calero: a reintegración lingüística galego-portuguesa.</b> José-Martinho Montero Santalha .....	251
<b>Reflexións sobre a Segunda República.</b> Xosé Ramón Barreiro Fernández .....	263
<b>Carballo Calero, un xove nacionalista. 1926-1936.</b> Justo Beramendi.....	281
<b>O home</b>	295
<b>Algúns recordos de Carvalho Calero.</b> Isaac Díaz Pardo .....	297
<b>Ricardo Carvalho Calero: a elegancia do intelectual comprometido.</b> Miguel Anxo Fernán-Vello.....	301
<b>O professor, o mestre, o amigo: evocación saudosa.</b> Aurora Marco.....	309
<b>Clausura do Simposio</b>	
<b>Carvalho Calero novelista.</b> Darío Villanueva.....	323
<b>Apéndices</b>	341
<b>Apéndice fotográfico.</b> .....	343
<b>Ricardo Carvalho Calero escribe a Xosé Filgueira Valverde. Dados para a antoloxía da poesía galega do ano 1936.</b> Teresa López.....	349

# 1

## Algúns recordos de Carvalho Calero

---

Isaac Díaz Pardo

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671.297>

**C**omo sobre da obra literaria e científica de Ricardo Carvalho Calero xa se ten escrito moito, voume limitar a dicir algo da relación que tiven con el.

Coñecino fisicamente xa antes da Guerra Civil, como coñecía a case tódolos membros do Seminario de Estudos Galegos, co que meu pai estaba moi relacionado, até o punto de que me quixo facer excursións marítimas –*A valandra dos Ultreyas / leva o corazón por vela, / navega cara o futuro / toda Galiza vai nela...*– con cancións que o mesmo Álvaro compoñía. Tiñan como sede os mesmos locais de Fonseca, e como emblema o trisquel, unha esvástica á que lle faltaba unha pata; aquilo tiña un tufillo sospeitoso, e co tempo puider saber que eu non estaba enganado.

Logo do cataclismo do ano 36 volví a saber de Carvalho Calero por meu curmán Tomás Barros. Carvalho Calero daba clase no colexio Cervantes, no que a súa muller Ignacia viña exercendo de profesora, e moi apreciada, dende facía tempo. Carvalho mostrábase un tanto escondido e cheo de medo, segundo Tomás, que me pedía que non se lle comprometese pois estaba case como clandestino e se lle prexudicaría. Carvalho ía axudar a Tomás a concibir unha revista de poesía, *Aturuxo*, na que pensaba utilizar o seudónimo de Fernando Cadaval... De calquer xeito, o nome e o seudónimo de Carvalho Calero aparecen xa no primeiro número de *Aturuxo*, no ano 52, cando el xa estaba en Lugo, no Fingoy, da man dos fillos de Antón de Marcos –os Fernández–, que sen saírse dos límites que impuña o réxime, non se esquenceran de lles botar unha man aos galeguistas que andaban ciscados e abandonados.



Namentras o franquismo ía morrendo, quen tiña algún valor íase abrindo paso, e impóndose xa moito antes da morte do Caudillo, e Ricardo Carvalho Calero, cando ficou xa completamente rehabilitado, da man dun dos seus antigos compañeiros do S.E.G., posiblemente arrependido do seu “silenzo” fronte ás barbaridades do réxime, levouno á Universidade de Santiago onde chegou a ser o primeiro titular da recién creada Cátedra de Literatura e Lingüística Galega.

Cando no 78 tres dos vellos fundadores do Seminario de Estudos Galegos e outros vellos membros e investigadores novos, decidíronse a revivir o Seminario –cosa que se vía lóxica na nova situación autonómica–, mantendo o mesmo espírito de institución interdisciplinar, mais actualizada, pois o tempo xa non era o mesmo, Carvalho Calero estivo nos primeiros pasos que se deron. É ben lembrar que Carvalho, e tódolos que participaron daquel emprendemento creado no ano 23, tiveron sempre unha gran saudade del, empezando por Castelao, que morría no ano 50 maldicendo aos que destruíran o Seminario e puxeran os seus restos nas fauces do centralismo (ver o “Envío” nas *Cruces de Pedra na Galiza*).

No caderno nº 5 do Laboratorio de Formas *Testemuñas e Perspectivas en Homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*, Carvalho Calero fai a primeira das 18 lembranzas e perspectivas que contén. Nela, Carvalho empeza por se mostrar partidario dunha normalización da nosa lingua, mais non dunha normativización. E recordando ao vello Seminario, di que apoiou a súas *Normas* para uso particular non como baseadas en rigurosos alicerces científicos. Relembra as reunións de Pontevedra do ano 28 sobre unificación ortográfica. E afirma:

O galego e o portugués son orixinariamente a mesma lingua. Malia a separación política, esta unidade mantívose até fins do século XIV. Logo, o portugués chegou a ser unha das principais linguas do mundo (...) mentras que o galego perdeu o carácter de lingua da cultura. Mantívose, secomasí, como fala da inmensa maioría dos habitantes do país; e mesmo conservou formas que o portugués esqueceu, influido polo castelán, moi presente en Portugal durante os séculos XV e XVI e unha grande parte do XVII. Por outra parte, o portugués desenrolóu formas e xiros que –aínda sendo alleos ao castelán– presentan peculiaridades que impeden toda posibilidade de adoptar sen máis a nosa lingua –que non experimentou unha evolución paralela– ás normas que rexen actualmente o portugués. Con esta filosofía, compréndese o principio práctico que domina as *Normas* do Seminario. Nos baldeiros que haxa que encher no noso idioma –baldeiros que non poden menos de presentarse ao escribir de todo nunha



lingua na que secularmente non se viña escribendo de nada—compre o achegamento ao portugués. (...) Dado o estado da lingua, non hai que coutar o seu desenrolo desbotando a riqueza de formas dialectáis, ou establecendo regras inflexibeis de tipo fonético-histórico, ou fixando un censo ríxido de cultismos. Virá co teme dunha codificación máis acurada. (...) A verdade é que polas causas indicadas, os homes representativos do Seminario empregaban un galego no que se acusa unha forte desorientación. É moitas veces un galego mal aprendido, no que o arbitrismo, o hiperenxebrismo e o anarquismo (?) campan como era inevitábel mentres unha policía lingüística discretamente exercida non se puxese en marcha por autoridade competente.

Carvalho chama arcaísmo proscrito no portugués e no castelán a `vegadas´. (Aínda que a consideración pexorativa do arcaísmo neste caso non faría felices aos cataláns, nin aos anarquistas a interpretación da súa doutrina).

Ricardo Carvalho Calero sempre mantivo unha gran fidelidade ao Seminario de Estudos Galegos, e aínda que traballou tamén na sección de Historia da Literatura, el como xurista que era ficaba ubicado na sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas. E con moito agarimo ten falado e escrito que nesa sección foron el e Tobío os que redactaron o primeiro ante-proxecto de Estatuto de Galiza, aínda que sabemos que outros membros da sección fixéronlles chegar ideas e documentos, e que ao final tódolos seus membros aprobaron e apoiaron o ante-proxecto. Este ante-proxecto de Estatuto, Carvalho sabíao, foi o primeiro documento desta natureza que se tiña feito na Europa.

Carvalho Calero, por solidariedade cos seus compañeiros que ficaran atrapados na metrópole colaborou no Instituto Padre Sarmiento, que continuaba só unha das tarefas do Seminario: as seccións referidas a humanidades nas que entraba algo de historia, agás a referida aos últimos anos e a da sorte do vello Seminario como antecedente do Sarmiento, que era materia prohibida, e éo aínda hoxe, e mesmo se por dicilo non nos poden meter na cadea, a quen o recordamos.

No Sarmiento fixérono vice-director, mais Carvalho, logo de manifestar as súas ideas sobre o camiño polo que debería ir o estudio do problema lingüístico, comenzou a ser un elemento molesto para o poder da Xunta e para alguén máis. E chegou o momento en que el e Genaro Marínhas del Valle decidiron renunciar ás súas cadeiras na Real Academia Galega.



Polo ano 79 veu por Sargadelos e ofreceunos publicarlle os libros *Pretérito Imperfecto*, *Futuro Condicional* e o *Teatro Completo*. No 82 tróuxonos *Afonso X*, *O Sabio*. *Cántigas de amor*, *de escarño* e *de louvor*, e a *Narrativa Completa*. No 86, dounos, pra a serie Documentos, *La Fuerza Pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares*. (Recordo que tanto el como nós andivemos buscando un número da revista *SER*, na que el tiña escrito sobre este tema, mais ese número non apareceu, o que quer dicer que aínda fica moito por restaurar neste país). E xa no 88 entregounos os *Estudos e Ensaíos sobre Literatura Galega*. Todo fíxose como el quixo, polo que ás veces non se corresponde a reintegración do texto co seu propio apelido na capa, mais a responsabilidade non é nosa. Finalmente, no 93 Claudio Rodríguez Fer tróuxonos a *Poesía Perdida de Ricardo Carvalho Calero*. E nós sentímonos moi honrados de ter no noso catálogo oito libros do ilustre profesor, poeta, narrador, lingüista, e moitas cousas máis, aínda que desta sorte nosa poidan tirarse outras razóns.

Para finalizar, cómpre dicer que os homes que pertenceron ao Seminario de Estudos Galegos, aínda con ideoloxías sociais moi diversas, resultaron en xeral ser xente honesta e leal a Galiza, e que non se aproveitaron dela. Neste orde Carvalho Calero foi un cristal.

San Marcos, novembro de 2000